

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------------------|-------------------------------|---------------|
| 15013643 | CEIP Plurilingüe A Magdalena | As Pontes de García Rodríguez | 2023/2024 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro | 3 |
| b) A contribución á adquisición das competencias clave | 8 |
| c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais | 16 |
| d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía | 20 |
| e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos | 22 |
| f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso | 24 |
| g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias | 24 |
| h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso | 27 |
| i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso | 30 |
| j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación | 33 |
| k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso | 38 |
| l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas | 38 |
| m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas | 42 |
| n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular | 43 |
| o) Outros apartados | 44 |

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Todos os obxectivos de etapa han ser acadados ao remate da escolaridade; con todo, existen algúns obxectivos nos que o noso centro, polas súas características, ten un traballo previo realizado e que teñen unha especial sensibilización da comunidade escolar cara eles.

As características ás que nos referimos son, fundamentalmente:

- Somos un centro que traballamos a solidariedade, a integración, a aceptación da igualdade na diferenza e a integración na atención á diversidade.

- Somos un centro que traballa impulsando a normalización efectiva da lingua galega, e que dá importancia ao fomento da lectura a través de múltiples actividades con eixo na biblioteca do centro.

- Somos un centro que ten realizado importantes esforzos na dotación de equipamentos informáticos e o seu profesorado ten elaborados diversas aplicacións educativas: Polos Creativos, Plan Dixital, Digicraft, etc.

- Somos un centro no que a saúde, a alimentación e a hixiene forman parte dos eixos que máis se traballan: dende Educación Física, o comedor e a promoción de hábitos saudables.

- Somos un centro que da especial importancia ao coidado da natureza e o seu coñecemento, ao consumo responsable, á cultura da solidariedade, a igualdade e a paz.

Velaí que o traballo dos obxectivos da Educación Infantil vaian encamiñados ao logro, por parte do alumando, das capacidades que lle permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

E os obxectivos da Educación Primaria encamiñan ao alumnado para que logre as capacidades que lle permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Fomentar o diálogo e o respecto polas ideas dos demais en debates e coloquios. Aprender a respectar as normas de convivencia no centro e na súa vida cotiá.

- Na aula: respecto polas quendas de palabra, modular o ton e o volume nas intervencións, etc.

- No colexio: orde nas filas, falar baixo, andar a modo polos corredores.

- No patio: coidado para manter limpas e en bo estado as instalacións deportivas e os espazos verdes adicados ao lecer.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia que permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións. Coñecer a diversidade de enfermidades infantís (unoentrecienmil.org) e participación en Contratos Programa da Consellería de Educación sobre a promoción do éxito e mellora, como os Plans Proxecta (Antonio Fraguas, Donas de si, Voluntariado miúdo, CPinnova...)
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura. Participar nas actividades propostas dende a biblioteca, o Plan Lector, polo EDLG e en diferentes concursos e celebracións (Magosto, Nadal, Entroido, Semana das Letras Galegas...)
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. Somos un centro plurilingüe no que a materia de Educación Plástica e Visual se imparte en lingua inglesa en toda a Educación Primaria e ademais, contamos cunha persoa Auxiliar de Conversa nesta lingua cada ano.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e

estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura. Coñecer e valorar a súa contorna natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado desta, con especial atención á singularidade de As Pontes, coa súa Fraga e o seu Lago, o lago artificial máis grande de Europa, e o seu pasado mineiro vinculado á enerxía. Para iso fomentanse actitudes de respecto á contorna e á conservación do medio ambiente, participando activamente nas actividades de sostibilidade, encamiñadas a optimizar o consumo e a aforrar materias primas e enerxía. Colaborar en actividades encamiñadas á recuperación e coidado do medio ambiente:

- Poñer en marcha "Patrullas verdes" encargadas de vixiar a limpeza no patio.
- Fomentar a aplicación das tres R: redución, reutilización e reciclaxe.
- Participar en programas propostos por outras institucións para fomentar o coidado da natureza: Mostra micolóxica de As Pontes, Semana da Natureza, Día da Árbore.
- Coñecer os recursos naturais da zona (A Fraga, O Lago), realizando visitas e traballos e analizando a súa influencia no ambiente.
- Realizar visitas para coñecer o patrimonio social e cultural de As Pontes e súa Bisbarra: Casa do mel de Goente, museo etnográfico, aula reciclaxe municipal de As Campeiras, con orixe na aula verde antigo CPI Monte Caxado.
- Participar no programa "Recreos Residuos Cero" co que se anima ao alumnado a traer merendas en envases reutilizables como friameiras e cantimploras en lugar de empregar envases dun so uso.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran. Manter EDIXGAL nos cursos 5º e 6º de Educación Primaria para capacitar ao alumando cara á análise crítica das mensaxes que transmiten os medios de comunicación, a publicidade, lecturas e situacións da vida cotiá e rexeitando contidos sexistas discriminatorios polas diferenzas entre as persoas. Utilizando a aula de informática, visitando e participando cos dispositivos da biblioteca e na páxina web do colexio, ou en formación co Espazo en Familia ofertado polo Concello.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais. Realizar recitados, dramatizacións, bailes, participar no proxecto LÓVA.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Parcitipar en actividades como: o Día da bicicleta, marchas solidarias, milla diaria.

- Fomentar a alimentación saudable ao través do comedor escolar.

- Establecer o hábito do aseo logo de facer deporte, solicitando ao alumnado que tras as clases de Educación Física realicen o seu aseo persoal, traendo diferentes produtos de hixiene no seu neceser segundo a idade.

- Aproveitar a educación física como espazo para fomentar o respecto polas diferenzas, a resolución de conflitos e a reflexión da competitividade.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamentos que favorezan a empatía e o seu coidado. Realizando saídas a diferentes granxas escola da

contorna, participando na actividade "Educando con Malibú" ou "Rosco ao rescate".

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, desenvolver o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico, en colaboración coa Policía Local e Protección Civil de As Pontes, participando en circuitos de educación viaria e realizando visitas ao circuíto de Kars próximo ao CEIPP A Magdalena. Desenvolver hábitos saudables e sostibles, como o uso da bicicleta e o patinete, e reclamar das autoridades os elementos necesarios para o seu uso seguro (carril bici, aparcadoiros)

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

o) Cumprir as normas de seguridade sobre transporte escolar cunha vixianza constante das condicións deste servizo.

p) Formación permanente e actualización docente do profesorado en actividades de PFPP, dentro do centro e no portal FPROFE.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A etapa de EDUCACIÓN INFANTIL supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de Maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave foron adaptadas ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo establecidas

na LOE. As devanditas competencias son as seguintes:

- CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Na educación infantil poténcianse intercambios comunicativos respectuosos cos demais nenos/as e adultos, aos que se dota de intencionalidade e contidos progresivamente elaborados a partires de coñecementos, destrezas e actitudes que se van adquirindo. Con isto favorecerase a aparición de expresións de crecente complexidade e corrección sobre necesidades, vivencias, emocións e sentimentos propios e dos demais. Ademais, a oralidade ten un papel destacado nesta etapa, non só por ser o principal instrumento para a comunicación, a expresión e a regulación da conduta, senón tamén porque é o vehículo principal que lles permite ás nenas e aos nenos gozar dun primeiro achegamento á cultura literaria a través das rimas, ladaíñas, adiviñas e contos, que enriquecerán a súa bagaxe sociocultural e lingüística desde o respecto da diversidade.

- CP-Competencia plurilingüe.

Nesta etapa iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, co fin de fomentar nas nenas e nenos actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así como o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Así, promóvese o diálogo e a convivencia democrática.

- STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

As nenas e nenos iníciáanse na educación infantil nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos para o pensamento científico a través do xogo, a manipulación e a realización de experimentos sinxelos. O proceso de ensino e aprendizaxe expónse nun contexto suxestivo e divertido no que se estimula, dende un enfoque coeducativo, a curiosidade por entender aquilo que configura a súa realidade, sobre todo o que está ao alcance

da súa percepción e experiencia, respectando os seus ritmos de aprendizaxe. Con esta finalidade, convídase a observar, clasificar, cuantificar, construír, facerse preguntas, probar e comprobar, para entender e explicar algúns fenómenos da contorna natural próxima e iniciarse no aprecio polo medio ambiente e na adquisición de hábitos saudables. Para o desenvolvemento desta competencia, préstaselle unha especial atención á iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, á manipulación de obxectos e á comprobación de fenómenos.

- CD-Competencia dixital.

Iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Ademais, o uso e a integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes.

- CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Os nenos e nenas nesta etapa iníciase no recoñecemento, na expresión e no control progresivo das súas emocións e sentimentos e avanza na identificación das emocións e sentimentos dos demais, así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía. Tamén descubren unha contorna diferente á familiar, na que se experimenta a satisfacción de aprender en sociedade, mentres e comparte a experiencia propia con outras persoas e se coopera con elas de forma construtiva. Para iso, comezan a poñer en marcha, de maneira cada vez máis eficaz, recursos persoais e estratexias que lles axudan a desenvolverse nesta contorna social cunha progresiva autonomía e a resolver conflitos a través do diálogo nun contexto integrador e de apoio.

- CC-Competencia cidadá.

Nesta etapa, coa finalidade de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas no respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convídase á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura. Do mesmo xeito, foméntase un compromiso activo cos valores e coas prácticas de sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais. Para tal fin, promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partires de rutinas que as nenas e nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás. Ademais, sentan as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo.

- CE-Competencia emprendedora.

A creación e a innovación son dous factores clave para o desenvolvemento persoal, a inclusión social e a cidadanía activa ao longo da vida. Nesta etapa estímúlase a curiosidade, a iniciativa, a imaxinación e a disposición para indagar e crear mediante o xogo, as actividades dirixidas ou libres, os proxectos cooperativos e outras propostas de aprendizaxe, o cal suón unha oportunidade para potenciar a autonomía e materializar as ideas persoais ou colectivas. Desta maneira, aséntanse as bases tanto do pensamento estratéxico e creativo coma da resolución de problemas e foméntase a análise crítica e construtiva dende as primeiras idades.

- CCEC-Competencia en conciencia e expresións culturais.

Para que as nenas e nenos constrúan e enriquezan a súa identidade, foméntase nesta etapa a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través de diversas linguaxes e distintas

formas artísticas. Así mesmo, axúdase ao desenvolvemento da conciencia cultural e do sentido de pertenza á sociedade a través dun primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas.

Respecto da EDUCACIÓN PRIMARIA, a adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe unha xerarquía entre elas nin pode establecerse unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan nas aprendizaxes das distintas áreas, ámbitos ou materias e, pola súa vez, se adquiren e desenvolven a partir das aprendizaxes que se producen no seu conxunto. Estas competencias clave, considéranse desempeños imprescindibles para que o alumnado pogue con garantía de éxito no seu itinerario formativo e poida afrontar os principais retos e desafíos, globais e locais.

- CCL-Competencia en comunicación lingüística.

Supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar críticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.

Constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Tamén fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da

cultura literaria.

- CP-Competencia plurilingüe.

Implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade, co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

- STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar perspectiva e razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

- CD-Competencia dixital.

Implica un uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunciación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais, a seguridade, asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

- CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

- CC-Competencia cidadá.

Contribúe a que as alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso

activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na axenda 2030.

- CE-Competencia emprendedora.

Implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achea estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultura e económico-financeiro.

- CCEC-Competencia en conciencia e expresións culturais.

Supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade.

Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e darlle forma.

O grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa, establécense como os referentes da avaliación e a promoción.

O Anexo I do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, sobre o perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico, establece estas competencias clave e os descritores operativos que rexerán na etapa

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

EDUCACIÓN INFANTIL.

- A práctica educativa buscará desenvolver e asentar as bases que faciliten o máximo desenvolvemento de cada nena e neno. Deberá levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

- Esta práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, na experimentación e no xogo. As áreas enténdense como ámbitos relacionados entre sí, polo que se promoverán propostas globalizadas, estimulantes, de interese e significado para as nenas e nenos.

- Fomentarse o desenvolvemento de todas as linguaxes e modos de percepción específicos para desenvolver o conxunto das súas potencialidades, respectando a específica cultura da infancia, que definen a Convención sobre os dereitos do neno e as

observacións xerais do seu comité.

- Poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación ou na expresión visual e musical.

- Fomentarse unha primeira aproximación á lingua estranxeira.

- Prestarase especial atención ao principio de igualdade, eliminando contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

- Atenderase ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, os seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio no que viven.

- Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que non sexa sexista.

- Incluírase a educación en valores.

- Incluírase a educación para o consumo responsable e sustentable e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables.

- Favorecerase que as nenas e nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de sí mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluído o coñecemento da diversidade familiar existente.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- Poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas, tan axiña como se detecte calquera destas

situacións.

- Buscarase desenvolver e asentarse progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

- A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Empregaranse metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante a realización de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida cotiá real. Procurarase a integración das distintas experiencias de aprendizaxe, terase en conta os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe do alumnado, favorecerase a capacidade de aprender por si mesmos, fomentarse o traballo colaborativo e en equipo e potenciarase unha aprendizaxe significativa que promova a autoestima e a reflexión.

- Adicarase un tempo do horario lectivo á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- Diseñaranse actividades de aprendizaxe que permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

- Para fomentar o hábito e dominio da lectura e a comunicación, incorporarse un tempo diario de lectura e práctica da oratoria. Todos os días, logo do recreo e como actividade de volta á calma, a totalidade do alumnado disporá de 25 minutos para adicar á lectura individual ou colectiva. Para este tempo organizaranse ademais actividades/tarefas nas que teñan que presentar de forma oral diferentes traballos ou investigacións, debatir sobre temas preestablecidos, falar espontaneamente sobre a temática seleccionada ou expoñer as súas opinións/conclusións a cerca

dalgunha cuestión.

- Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas, coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento da competencia plurilingüe. Acordaranse os criterios metodolóxicos, sobre a terminoloxía, o tratamento dos contidos e criterios de avaliación, para evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera das linguas.

- As linguas oficiais empregaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe la lingua extranxeira. Neste proceso priorizarase a comprensión, expresión e interacción oral.

- Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

- Traballarase en todas as áreas a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, o espírito científico e o emprendemento. De igual maneira, promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

- Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o dereito polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

- Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que non

sexa sexista.

- Fomentárase medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A gradación de contidos, a súa programación e a súa secuenciación non debe seguir necesariamente unha orde cronolóxica determinada, senón que han de adecuarse ás intencións didácticas e formativas que marca o alumnado en cada ciclo, partindo dos seus intereses, motivacións e das circunstancias que se dean na realidade da aula e na súa comunidade. As prácticas innovadoras neste ámbito supoñen unha oportunidade para aplicar metodoloxías activas, que sitúen o alumnado como protagonista do proceso. Neste sentido, as situacións de aprendizaxe han de ser un espazo aberto que fomente a curiosidade e a observación analítica para construír unha propia posición persoal ante a realidade, unha posición que debe considerarse potencialmente transformadora da realidade social existente.

Empregaranse metodoloxías que partan dun enfoque globalizador e interdisciplinar baseado nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais, tendo en conta os recursos do centro educativo, principalmente coa biblioteca escolar como fonte de aprendizaxe e recursos.

Por tanto a nosa liña metodolóxica, incluírá as seguintes liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe :

- A selección de contidos e metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo no

elemento fundamental para a maioría das aprendizaxes, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.

- Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración, o traballo cooperativo e os retos motrices e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

- Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividade motriz mesma e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

- A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade. Empregaranse estratexias que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas, primeiro, coa resolución de problemas en contextos da vida real coñecidos e, posteriormente, coa resolución de problemas descoñecidos.

- As distintas situacións de aprendizaxe deben incorporar enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de Educación Física coas demais áreas da etapa a través de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a adquisición dun estilo de vida activo e saudable e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- A necesidade de ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe ou a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos.

- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e

na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- Débese potenciar o deseño, a elaboración e o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

En xeral, metodoloxías que posibiliten poñer o alumnado en situación de desenvolver as competencias clave e acadar os fins da educación primaria. Serán necesarias, pois, metodoloxías (pequenos proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, método de casos, plans de traballo, tarefas complexas) que favorezan a integración de áreas, a visión global dos sucesos, a investigación, a indagación, o manexo de diversos recursos e fontes, o intercambio respectuoso de ideas, a comparación de estratexias, a convivencia, a cooperación e a autorregulación da aprendizaxe; metodoloxías activas que fomenten no alumnado a curiosidade, as ganas de seguir aprendendo e xeren actividades socialmente relevantes.

O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Estas metodoloxías pódense empregar dun xeito ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Pola influencia vital do movemento na aprendizaxe, recoméndase o desenvolvemento de distintas situacións de aprendizaxe que incorporen o movemento como recurso, así como enfoques e proxectos interdisciplinares na medida en que sexa posible. Estas situacións integrarán procesos orientados á adquisición das competencias e deberán enfocarse desde diferentes bloques, evitando centrarse nun de maneira exclusiva e, simultaneamente, desde a articulación con elementos plurais como as diferentes

opcións metodolóxicas de carácter participativo, os modelos pedagóxicos, o tipo e a intención das actividades expostas ou a organización dos grupos.

Será igualmente importante ter en conta a regulación dos procesos comunicativos, o desenvolvemento das relacións interpersoais e da autoestima, a conversión de espazos e materiais en oportunidades de aprendizaxe e a transferencia do coñecemento adquirido a outros contextos sociais próximos que permitan comprobar o valor do aprendido, aspecto este último clave para unha sociedade xusta e equitativa.

Para que esta forma de traballo xere verdadeiras aprendizaxes, o profesorado debe asumir o papel de facilitador e guía, proporcionándolle ao alumnado as condicións, pautas, estratexias e os materiais didácticos que favorezan estas destrezas.

Contextualizaranse as actividades na contorna máis próxima, buscando que o alumnado sexa capaz de aplicar o aprendido en diferentes contextos, extrapolando o coñecemento científico a outro tipo de situacións, de maneira global e interdisciplinar. Deste xeito, ademais, estímúlase o interese pola adquisición de novas aprendizaxes e pola procura de solucións a problemas que poidan formularse na vida cotiá sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe.

Así pois en xeral os materiais:

- Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

- O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto

individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

- A utilización de materiais visuais e variados como libros ilustrados, páxinas web, presentacións dixitais, vídeos curtos que faciliten chegar a nenos e nenas de calquera nivel educativo ou con diversidade de aprendizaxe e, en consecuencia, incluílos, na actividade da a

- A exploración individual mediante materiais manipulables Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe ou do medio natural, e exploración das súas posibilidades.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No noso Centro a única optatividade é Relixión/Atención Educativa en educación infantil e, Relixión/Proxecto competencial en educación primaria.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS serán obrigatorias considerando que LOMLOE ven de reformar no artigo 88, introducindo os seguintes incisos no seu parágrafo 1:

- As actividades complementarias que se consideren necesarias para o desenvolvemento do currículo deberán programarse e realizarse de maneira que non supoñan discriminación por motivos económicos.

- As actividades complementarias que teñan carácter estable, non poderán formar parte do horario escolar do centro.

CRITERIOS XERAIS e de organización e planificación:

1. Corresponde ao coordinador/a de Actividades Complementarias

e Extraescolares en colaboración coa Xefatura de Estudos e Dirección, en último termo de ser preciso, promover, coordinar e organizar unha previsión ou Plan Anual de Actividades que se presentará ao Consello Escolar para a súa aprobación e inclusión na Programación Xeral Anual, e na memoria final as incluídas durante o curso polo seu aproveitamento curricular e complementario.

2. Para confeccionar dito Plan de actividades, ao inicio do curso, os diversos niveis/ciclos incluírán nas programacións didácticas, unha programación específica sobre as Actividades Complementarias e Extraescolares previstas para o curso. Engadindo propostas de Actividades da ANPA e/ou do Concello de As Pontes.

3. Na programación concreta de cada actividade que se realice deberase incluír como mínimo:

- Nome da actividade.
- Nivel e grupos destinatarios.
- Profesor/a coordinador/a da actividade.
- Data aproximada de realización e duración da actividade.
- Financiación da actividade, custo de ser o caso, ou quen a oferta.
- Número de profesores/as acompañantes, número de alumnos/as participantes.
- Todos aqueles outros aspectos que podan facilitar a coordinación e organización deste tipo de actividades.

4. Na programación de actividades que realice cada nivel deberán quedar descritas as actividades previstas para cada nivel, establecendo no posible cadro unha distribución por trimestres que sexa razoable e procurando unha vinculación directa de cada actividade cos obxetivos de cada ciclo e o currículo correspondente a cada curso.

5. Se algunha actividade quedase fora da programación inicial,

proponerse na CCP polo coordinador de Ciclo ou membro da CCP, para presentar a proposta que se votará a súa idoneidade e levarase a claustro de ser posible. De ser o caso o equipo directivo poderá por motivo de urxencia propoñer unha actividade, presentando xustificación despois na seguinte CCP ou claustro de ser posible, con aprobación da dirección.

6. A Xefatura de Estudos informará ao profesorado, a través do taboleiro de anuncios da Sala de mestres, correo electrónico ou outra canle de comunicación previamente pactada, das actividades previstas e o fará coa antelación suficiente que permita prever e resolver a incidencia da mesma na actividade docente. Nocuadrante xeral evitarase a concentración de actividades por norma xeral.

7. Unha vez finalizada a actividade, o alumno continuará co seu horario lectivo normal.

8. Dado o carácter curricular das actividades complementarias, a participación do alumnado será obrigatoria, senón supón ningún custe económico para él e se se desenvolve dentro do horario lectivo, tanto se é dentro como fóra do Centro.

9. Cando a actividade co alumnado sexa dirixida por un axente colaborador externo, o mestre afectado deberá estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia.

10. En Xefatura de Estudos levarase un control global dos grupos que participan en cada actividade, polo que cada profesor/a deberá notificar á Xefatura de Estudos (ou dirección) a realización da actividade con días de antelación, e unha breve información da mesma.

CRITERIOS ESPECÍFICOS para as actividades complementarias desenvolvidas fóra do centro:

1. Para este tipo de actividades aínda que sexa dentro da localidade, será precisa a notificación ás familias tanto por vía

formal, a nivel centro ou titoría, a través de ABALAR, ou mediante unha nota na axenda escolar, de non ser posible a primeira; aportando información sobre a actividade e unha breve reseña sobre a mesma.

En canto as ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, os criterios son similares que as actividades complementarias, coa diferenza de que a participación nas mesmas é voluntaria, e en xeral a maiores. Para á súa distinta organización en canto a espazo e tempo:

- Enviarese autorización ás familias expresa da participación na actividade para a previsión de plazas e participantes.
- Os mestres de garda faranse cargo do alumnado que non participe na actividade e que quede no centro.
- As actividades complementarias, como extraescolares, por proposta do coordinador de actividades extraescolares, oída a CCP, se fose posible con anterioridade á súa celebración, ten que contar coa autorización da dirección sempre que non estiveran previstas na PXA para a súa realización.
- Da mesma maneira o Consello Escolar ten que ser informado e dar a súa aprobación, segundo a normativa vixente.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

A elaboración dos plans de reforzo ou recuperación do alumnado que promocióne con materias con avaliación negativa será realizado polo titor/a correspondente, co apoio do Xefe do Departamento de Orientación e as mestras especialistas en Audición e Lingaxe de ser o caso, así como os mestres especialistas responsables das materias correspondentes. Como mínimo, contemplará os seguintes aspectos:

Alumno/a ao que se lle fai o reforzo:

Titor:

Curso:

Curso escolar:

1. DATOS DE INTERESE RECOLLIDOS NO EXPEDIENTE DO ALUMNO/A: (poñer o tipo de N.E.E. ou A.N.E.A.E que presenta).

2. RESULTADOS DA AVALIACIÓN ORDINARIA: (poñer o resultado numérico de cada área).

3. ÁREAS QUE SUSPENDE NA AVALIACIÓN ORDINARIA: (marcar cunha cruz).

4. ANÁLISE DOS PUNTOS FORTES E DÉBILES DO ALUMNO/A: (Rodear os que procedan)

PUNTOS FORTES:

- Asistencia regular a clase.
- Hábito de estudo.
- Interese e motivación.
- Cumpre habitualmente as normas.
- Mantén a atención.
- Fai as tarefas na casa e na clase.
- Boa capacidade de aprendizaxe.
- Reflexividade.
- Outros:

PUNTOS DÉBILES:

- Asistencia irregular a clase.
- Moi pouco ou case inexistente hábito de estudo.
- Falta de interese e motivación.
- Non cumpre habitualmente as normas.
- Non mantén a atención.
- Non fai as tarefas nin na casa nin na clase.
- Lentitude na aprendizaxe.
- Impulsividade.
- Outros:

5. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON

ADQUIRIDAS (Programa de Reforzo, sobre todo nas áreas instrumentais)

Área de Lingua Castelá/Lingua Galega (rodear os que procedan):

Aspectos a recuperar:

- Lectura.
- Comprensión lectora.
- Ortografía.
- Caligrafía.
- Gramática.
- Expresión escrita.
- Expresión oral.
- Outros (escribir os que procedan):
- Observacións:

Área de matemáticas (rodear os que procedan):

Aspectos a recuperar:

- Suma sen levar.
- Suma con levadas.
- Resta sen levar.
- Resta con levadas.
- Multiplicación.
- Resolución de problemas.
- División por unha cifra.
- División por dúas cifras.
- Operacións con números decimais.
- Outros (escribir os que procedan):
- Observacións:

6. RELACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A NON SUPERACIÓN DAS DISTINTAS ASIGNATURAS: O alumno presenta as seguintes necesidades educativas:

7. CURRÍCULO PARA DESENVOLVER, CON ESPECIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN (Mirar D. 105/2014, describir sobre todo, obxectivos, contidos, criterios e estándares):

8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS QUE SE UTILIZARÁN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN:

9. RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN (describíranse eiquí tanto os recursos humanos como os materiais para levar a cabo o plan):

10. TAREFAS A REALIZAR COA DEBIDA TEMPORALIZACIÓN (describíranse brevemente as tarefas a realizar nos distintos trimestres para o desenvolvemento do plan):

11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE REFORZO TENDO EN CONTA AS ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS QUE SE LEVARON A CABO:

- . 1º TRIMESTRE:
- . 2º TRIMESTRE:
- . 3º TRIMESTRE:
- . VALORACIÓN FINAL:

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A elaboración dos plans de reforzo ou recuperación do alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso será realizado polo titor/a correspondente, co apoio do Xefe do Departamento de Orientación e as mestras especialistas en Audición e Lingaxe de ser o caso, así como os mestres especialistas responsables das materias correspondentes.

Como mínimo, contemplará os seguintes aspectos:

Alumno/a repetidor:

Titor:

Curso que repite:

Curso escolar:

1. DATOS DE INTERESE RECOLLIDOS NO EXPEDIENTE DO ALUMNO/A: (poñer o tipo de N.E.E. ou A.N.E.A.E que presenta).
2. RESULTADOS DA AVALIACIÓN ORDINARIA: (poñer o resultado

numérico de cada área).

3. ÁREAS QUE SUSPENDE NA AVALIACIÓN ORDINARIA:

4. ANÁLISE DOS PUNTOS FORTES E DÉBILES DO ALUMNO/A:

(Rodear os que procedan) PUNTOS FORTES:

PUNTOS FORTES:

- Asistencia regular a clase.
- Hábito de estudo.
- Interese e motivación.
- Cumpre habitualmente as normas.
- Mantén a atención.
- Fai as tarefas na casa e na clase.
- Boa capacidade de aprendizaxe.
- Reflexividade
- Outros:

PUNTOS DÉBILES:

- Asistencia irregular a clase.
- Moi pouco ou case inexistente hábito de estudo.
- Falta de interese e motivación.
- Non cumpre habitualmente as normas.
- Non mantén a atención.
- Non fai as tarefas nin na casa nin na clase.
- Lentitude na aprendizaxe.
- Impulsividade.
- Outros:

5. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS (Programa de Reforzo, sobre todo nas áreas instrumentais)

Área de Lingua Castelá/Lingua Galega (rodear os que procedan):

Aspectos a recuperar:

- Lectura
- Comprensión lectora

- Ortografía
- Caligrafía
- Gramática
- Expresión escrita
- Expresión oral
- Outros (escribir os que procedan):
- Observacións:

Área de matemáticas:

Aspectos a recuperar:

- Suma sen levar.
- Suma con levadas.
- Resta sen levar.
- Resta con levadas.
- Multiplicación.
- Resolución de problemas.
- División por unha cifra.
- División por dúas cifras.
- Operacións con números decimais.
- Outros (escribir os que procedan):
- Observacións:

6. RELACIÓN DE NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A REPETICIÓN DE CURSO: O alumno presenta as seguintes necesidades educativas:

7. MEDIDAS ORDINARIAS QUE SE APLICARON CO ALUMNO/A:

8. METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ PARA MELLORAR OS RESULTADOS ACADÉMICOS DO ALUMNO/A:

9. RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN (describíranse aquí tanto os recursos humanos como os materiais para levar a cabo o plan):

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación establecidos na seguinte normativa:

- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Orde do 26 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular, serán os establecidos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirille a promoción ao curso ou etapa seguinte. A avaliación do alumnado será continua, global e formativa e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Estableceranse medidas de reforzo en calquera momento do

curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado. A observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica, doutras cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e nenos e as entrevistas cos seus responsables.

O proceso de avaliación deberá contribuír a mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe mediante a valoración da pertinencia das estratexias metodolóxicas e dos recursos utilizados. Con esta finalidade, todas e todos os profesionais implicados avaliarán a súa propia práctica educativa, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Ao longo do curso realizaranse unha sesión de avaliación inicial, como mínimo tres sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final.

- A avaliación inicial será realizada polo equipo docente para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña, coa finalidade de adecuar as

ensinanzas de cada área ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas para cada alumna e alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

- As avaliacións parciais realizaranse ao longo do curso, cando menos tres para cada grupo; a derradeira coincidirá coa avaliación final. As datas das mesmas concretaranse procurando unha repartición equilibrada na duración dos períodos.

- O equipo docente, coordinado polo titor ou titora do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o curso escolar. A persoa titora elaborará un informe ao finalizar o 6º curso de Educación Infantil, 2º, 4º e 6º cursos de Educación Primaria para cada alumno e alumna, no que reflectirá os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua; recollerá a valoración global de cada área, a valoración do nivel de desempeño dos criterios de avaliación de cada área, as dificultades atopadas no proceso de ensino e aprendizaxe e a valoración, de ser o caso, das medidas de apoio aplicadas así como as que se deben prever no ciclo ou etapa seguinte. Ademais, ao finalizar a etapa de Educación Primaria, a persoa titora elaborará un informe sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave en cada alumna ou alumno.

No cuarto curso de Educación Primaria, realizarase unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo alumnado, segundo dispoña a Consellería de Educación. Esta avaliación terá un carácter informativo, formativo e orientador para o centro, o profesorado, o alumnado e as súas familias ou tutores/as legais e para o conxunto da comunidade educativa.

Criterios acordados polo claustro de mestres para levar a cabo a cualificación da avaliación ordinaria:

- 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria.

LGL, LCL, LI e M: a avaliación será continua, polo que a nota da avaliación ordinaria non poderá ser inferior á da avaliación anterior.

CCSS, CCNN, EM, EPV, EF, R, PC E VCE: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

EA: a nota media das materias incluídas na Educación Artística, obterase redondeando á alza a partires do 0,5.

- 5º e 6º de Educación Primaria.

En TODAS AS MATERIAS a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

EA: a nota media das materias incluídas na Educación Artística, obterase redondeando á alza a partires do 0,5.

CRITERIOS XERAIS PARA A PROMOCIÓN.

A promoción nos cursos 1º, 3º e 5º de Educación Primaria é automática.

A promoción nos cursos 2º, 4º e 6º de Educación Primaria será decidida polo equipo docente do grupo na sesión de avaliación final. Esta decisión adoptarase de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou alumno, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e criterio do profesorado titor.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non acadase no curso anterior.

A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a eapa, oídas as nais, pais ou persoas titoras

legais.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta permanencia considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada pra favorecer o seu desenvolvemento. Dado este caso, o equipo docente organizará un PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO para que, durante ese curso, o alumno/a poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes

Criterios de promoción acordados polo claustro:

PROMOCIONAN

- Alumnos/as que obteñan cualificacións positivas en todas as áreas e acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- Alumnos/as que obteñan cualificacións positivas en todas as áreas e non acaden o nivel de adquisición esperado nunha competencia clave.
- Alumnos/as que non superen unha área, pero acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- Alumnos/as que obteñan cualificacións negativas en dúas áreas non instrumentais, pero acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave ou, en todas agás nunha delas.

NON PROMOCIONAN

- Alumnos/as que obteñan cualificacións negativas en tres ou máis áreas, sexan cales sexan.
- Alumnos/as que obteñan cualificacións negativas en dúas áreas que sexan linguas e/ou matemáticas.
- Alumnos/as que non acaden o nivel de adquisición esperado na

competencia lingüística e matemática.

- Alumnos/as que non acaden o nivel de adquisición esperado en tres ou máis competencias clave, sexan cales sexan.

- En casuísticas máis concretas, non contempladas nos epígrafes anteriores, será o equipo docente quen, de xeito colexiado, decida sobre a promoción; tendo en especial consideración a información e o criterio do profesorado titor.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica ao alumnado que supere todas as áreas da etapa, obteña sobresaliente ao rematar a Educación Primaria nunha ou varias áreas e que, demostre un rendemento académico excelente.

A proposta de Mención Honorífica debe constar na acta de avaliación final e poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos e alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente no 6º curso de Educación Primaria, habitualmente correspondería a dúas alumnas e/ou alumnos.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado d emaneira coordinada entre o profesorado integrante dos equipos docentes. Os equipos docentes de ciclo coordinaranse para garantir a coherencia na actuación docente no 2º ciclo de educación infantil e nos 3 ciclos da educación primaria.

A programación didáctica de cada área elaborárase por nivel educativo e será a mesma para todos os grupos do nivel.

O profesorado, baixo a coordinación da persoa responsable da

coordinación de ciclo, terá en conta para o desempeño e a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos:
O disposto no Decreto 150/ 2022, do 8 de setembro, no Decreto 155/2022, do 15 de setembro e na normativa que os desenvolve.

O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.

As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.

A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.

As programacións didácticas de educación infantil incluírán, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 14 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro e, no caso das de educación primaria, o recollido no artigo 15 do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoado no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora. Esta información será valorada e nalizada polo equipo de ciclo cunha frecuneci amínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.

Empregarase a aplicación informática PROENS para a elaboración e seguimento das programacións didácticas; a cal tamén se emprará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección Educativa.

AS programacións didácticas serán públicas, para facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. E nos primeiros días da actividade lectiva de cada curso académico, o equipo docente, informará sobre os aspectos da programación didáctica ás nais, pais, ou persoas titoras legais e, de ser o caso, ao alumnado.

Modelo de programación EDUCACIÓN INFANTIL segundo DECRETO

150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2. As programacións didácticas das áreas do segundo ciclo das ensinanzas de educación infantil incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de

mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas. (PROENS).

Modelo de programación EDUCACIÓN PRIMARIA segundo o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cursos impares) e Decreto 104/2014 cursos pares:

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2. As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas (PROENS)

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas:

- Os ofertados pola Consellería de Educación en edu.xunta. programaseducativos (contratos programa ou programas de éxitos educativo) ou o Concello de As Pontes ou Administración ou entidade ou calquera outro, que aprobados polo Claustro a proposta de dirección se valore o interese e aproveitamento didáctico en relación ao currículo vixente da etapa, ciclo ou nivel, proxecto ou investigación das programacións de aula anuais.

En xeral valoráanse temas transversais e competenciais relativos a:

- Formación e actualización docente.
- TIC's
- Hábitos saudables (saúde, alimentación saúdable) e sostibilidade:
- Exercicio físico e deporte.
- Consumo de froita nas merendas, e alimentos de temporada e proximidade.
- Medio ambiente e coidado do entorno.
- Igualdade, integración real na atención á diversidade.
- Valoración e participación na programación cultural do entorno.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Corresponde á CCP a súa proposta, debate e elaboración co equipo directivo, e departamento de orientación para elevar os acordos para posterior aprobación polo claustro.

En xeral o procedemento segue estes pasos básicos:

Seguimento, avaliación e propostas de mellora.

- Avaliación inicial. Nas reunións da CCP. Análise do entorno, novidades e actualizacións lexislativas, na detección de necesidades das liñas de traballo que se están a levar a cabo (hábitos saúdables, igualdade, integración...)
- Seguimento (reunións mensuais, cando menos unha de inicio e outra ao fin de trimestre da CCP)
- Avaliación final (valoración dos resultados na memoria final cunha autoavaliación e propostas de mellora cara o vindeiro curso).

o) Outros apartados

1. Non procede

Non procede